

RSE

e desenvolvemento
sustentable

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia.

Depósito legal: C 50-2010

1. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	7
1.1. Evolución histórica do desenvolvemento sustentable	
2. DIMENSIÓNS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.....	15
2.1. Desenvolvemento económico	
2.2. Protección ambiental	
2.3. Desenvolvemento social	
3. EMPRESA E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.....	31
3.1. Accións RSE para o desenvolvemento sustentable	
3.2. Sistema de xestión ambiental	
3.3. Memoria de sustentabilidade	
4. REFERENCIAS INTERNACIONAIS.....	53
5. BENEFICIOS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.....	64
6. ENDEREZOS DE INTERESE.....	67

1. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

A **responsabilidade social empresarial** (RSE), definida pola Comisión Europea como “integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e ambientais nas súas operacións comerciais e nas relacións cos seus interlocutores”, está intrinsecamente vinculada ao concepto do **desenvolvemento sustentable**, termo acuñado por primeira vez no documento coñecido como Informe Brundtland (1987), consecuencia dos traballos da Comisión Mundial do Ambiente e o Desenvolvemento das Nacións Unidas: “O **desenvolvemento sustentable** é o desenvolvemento que satisfai as necesidades actuais das persoas sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas”.

Este concepto de desenvolvemento sustentable nace da preocupación polo ambiente, pero non responde a temas fundamentalmente **ambientais**, é máis amplo e abarca tamén aspectos **económicos e sociais**.

En esencia, o desenvolvemento sustentable é un proceso de cambio cara a un ideal no que os hábitos de produción, consumo e investimento permitan que as persoas, no presente e no futuro, gocen das condicións materiais, sociais e ambientais que lles permitan acceder a unha existencia digna e a unha mellor calidade de vida.

Ata agora, no ser humano estaba firmemente asentada unha mentalidade na que as relacións entre o home e a natureza seguían formulacións equivocadas tales como:

- A civilización está fora da natureza e non nos afectan as súas leis.
- O éxito da humanidade baséase no control e no dominio da natureza.
- A Terra ten unha ilimitada cantidade de recursos á disposición dos humanos.

O punto de vista do desenvolvemento sustentable pon a énfase en formular as nosas actividades **dentro** dun sistema natural, respectando as súas leis e empregando os recursos sen danar os mecanismos da natureza. Requírese un



cambio de mentalidade no que se afiancen novos valores e para facelo é de especial importancia que a RSE se incorpore á xestión empresarial e que se leven a cabo programas educativos ambientais, se divulguen actuacións sustentables, se promovan declaracións públicas e compromisos políticos e se poñan en práctica programas que fomenten este tipo de desenvolvemento.

Pero, a pesar de que algúns países industrializados poñen en marcha numerosas iniciativas para corrixir os problemas ecolóxicos, mantéñense os procesos destrutivos máis importantes: escalada do consumo abusivo e destrución de materiais e combustibles fósiles, destrución do solo agrícola e da biodiversidade, uso e dispersión crecente de substancias perigosas, emisións de gases de efecto invernadoiro, aumento da pobreza, falta de atención sanitaria etc.

Aparece a nova filosofía de **economía sustentable** que só se pode alcanzar a partir dun cambio na conciencia global que asuma, entre outros, os seguintes principios:

Os seres humanos somos parte da natureza, non temos un valor intrínseco superior ás demais especies.

Somos administradores da Terra e non os seus donos.



As características que debe reunir un desenvolvemento para que se considere sustentable son:

- ⇒ Buscar a maneira de que a actividade económica manteña ou mellore o sistema ambiental.
- ⇒ Asegurar que a actividade económica mellore a calidade de vida de todos, non só duns poucos afortunados.
- ⇒ Usar os recursos eficientemente.
- ⇒ Promover o máximo de reciclaxe e de reutilización.
- ⇒ Confiar no desenvolvemento e implantación de tecnoloxías limpas.
- ⇒ Restaurar os ecosistemas danados.
- ⇒ Promover a autosuficiencia rexional.
- ⇒ Recoñecer a importancia da natureza para o benestar humano.

1.1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

1968: creación do Club de Roma, no que personalidades de diferentes ámbitos (economía, política, ciencia...) buscan a promoción dun crecemento económico estable e sustentable.

1972: o Club de Roma publica o informe *Os límites do crecemento*. Nel faise un estudo sobre a evolución da poboación humana ata o ano 2100. A súa conclusión é que a contaminación, a perda de recursos enerxéticos e a falta de terras aptas para o cultivo levarán a unha drástica redución da poboación mundial. Neste ano lévase a cabo a Conferencia sobre Medio Humano da Organización das Nacións Unidas (ONU) en Estocolmo. É o primeiro cumio oficial sobre a Terra.

1980: a Unión Internacional para a Conservación da Natureza publica o informe *Estratexia mundial para a conservación da natureza e dos recursos naturais*. Nel diríxese a atención aos elementos principais responsables da destrución do ambiente: a pobreza, a presión da poboación, a falta de igualdade social etc.

1981: *Informe global 2000*, elaborado polo Consello de Calidade Ambiental de Estados Unidos. Nel conclúese que a biodiversidade é un factor crítico para o bo funcionamento do noso planeta.

1982: a ONU redacta a Carta mundial para a natureza. Nela adóptase o principio de respecto a todo tipo de forma de vida. Creación do Instituto de Recursos Mundiais (WRI) en EUA co obxectivo de dirixir a sociedade cara a formas de vida que protexan a Terra e o ambiente.

1984: primeira reunión da Comisión Mundial sobre Ambiente e Desenvolvemento da ONU.

1987: créase o Informe Brundtland –*O noso futuro común*–, no que aparece por primeira vez dun xeito formal o termo de **desenvolvemento sustentable**.

1992: a ONU celebra o **Cumio sobre a Terra en Río de Xaneiro**. Apróbase o Convenio sobre o cambio climático, o Convenio sobre a diversidade biolóxica e a Declaración dos principios relativos aos bosques. O desenvolvemento sustentable comeza a ser un termo coñecido e amplíase coa idea dos **tres piares** (progreso económico, a xustiza social e a preservación do ambiente).

1993: V Programa de acción en materia de ambiente da Unión Europea: Cara a un desenvolvemento sustentable. Neste programa preséntase unha estratexia comunitaria en materia de ambiente e de accións necesarias par lograr un desenvolvemento sustentable.

1994: Primeira Conferencia de Cidades Europeas Sustentables en Aalborg (Dinamarca).

1997: apróbase o **Protocolo de Kyoto**, na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que entrará en vigor no 2005.


2001: lévase a cabo o VI Programa de acción en materia de ambiente da Unión Europea: Ambiente 2010: o futuro nas nosas mans.

2002: celébrase o **Cumio da Terra en Johanesburgo**, onde se reafirmou o desenvolvemento sustentable como o elemento central da axenda internacional e se lle deu un novo pulo á acción global pola loita contra a pobreza e a protección do ambiente.

2005: entrada en vigor do Protocolo de Kyoto de 1997 sobre a redución das emisións de gases que provocan o efecto invernadoiro.

2007: **Cumio de Bali**, no que se intentou redefinir o Protocolo de Kyoto e axeitalo ás novas necesidades da Terra con respecto ao cambio climático.

2009: **Cumio da Terra en Copenhague**. O tema é un novo protocolo que substitúa en 2012 o de Kyoto.




2. DIMENSIÓNS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

O desenvolvemento sustentable defende que a actividade económica sen máis criterio ca o económico na toma de decisións produce problemas ambientais, económicos e sociais tanto no eido local como global. Hai que abordala desde as tres dimensións:

- **Desenvolvemento económico:** cun funcionamento financeiro con capacidade para contri-buír ao desenvolvemento económico no ámbito de creación e axuda das empresas de todos os ámbitos.
- **Protección ambiental:** compatibilidade entre a actividade das empresas e a preservación da biodiversidade e dos ecosistemas. Inclúe unha análise dos impactos do desenvolvemento social das empresas e dos seus produtos en termos de consumo de recursos limitados (nutrientes no solo, auga potable, minerais etc.), de xeración de residuos e emisións...
- **Desenvolvemento social:** consecuencias sociais da actividade da empresa en todos os eidos: o persoal traballador (condicións de traballo, nivel salarial etc.), as empresas provedoras, os clientes, as comunidades locais, a sociedade en xeral e as necesidades humanas básicas.

Estes **tres piares** do desenvolvemento sustentable son interdependentes, refórzanse mutuamente e deben terse en conta tanto por parte das institucións como das empresas e persoas.



Na busca dun desenvolvemento sustentable global, á hora de tomar decisións, haberá que considerar tamén a redución das diferenzas sociais entre seres humanos, para acabar coas actuais desigualdades e iniquidades, tanto dentro de cada país como entre países.

Hai múltiples maneiras de abordar o desenvolvemento sustentable e cada país debe analizar a súa situación e actuar en consecuencia, xa que se pode chegar a conclusións moi dispares:

- Pódese ser unha nación desenvolvida e, ao mesmo tempo, protexer os recursos naturais, tal como acontece en Europa e Canadá, sen que isto afecte as súas variables macroeconómicas nin a súa competitividade.
- Pódese ter unha gran riqueza ambiental, como é o caso de Colombia, pero non contar con niveis de xestión apropiados para preservar os recursos.
- É posible concentrar gran poder económico e político, pero manter un sistema produtivo contaminante e non sustentable, como Estados Unidos.
- Países con baixa biodiversidade poden potenciala con modelos ambientais eficientes de explotación e preservación.
- Os países subdesenvolvidos, aínda que son ricos en recursos naturais, estanos esgotando debido ao baixo nivel de control legal para lle facer fronte á contaminación e a sistemas produtivos ineficientes e obsoletos, tanto dos campesiños como da maioría das industrias.
- Ter conciencia da situación ambiental e contar con solucións científico-técnicas non serve de nada se non se acompañan dunha conciencia social e vontade política.

2.1. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

As empresas dedicadas á produción industrial que asumen na súa xestión interna os principios da RSE deben ter moi en conta os problemas que xera o exercicio da súa actividade e actuar en consecuencia para mitigar os posibles efectos negativos. Estes efectos son diferentes segundo o tipo de sector económico ao que pertenza a empresa.

AGRICULTURA

O aumento da produción no sector agrícola pode facerse mediante o regadío, o uso de fertilizantes, agricultura intensiva etc. Pero cada unha destas posibilidades ten un custo sobre o ambiente:



- O regadío: a auga é un recurso limitado e a obtención de acuíferos (pozos) debe facerse de forma sustentable. Débense coñecer as reservas, cantidade e calidade susceptible de explotación no espazo e no tempo, taxa de recarga, lugares hidroxeoloxicamente máis convenientes de explotación, construción de perforacións, etc. e asegurar unha correcta xestión e protección do acuífero no eido legal e institucional. Cos ríos, hai que coidar de non afectar a fauna e a flora da ribeira e de non entrar en competencia directa con outros usos, entre os que se atopa o consumo humano.

- Esterco e fertilizantes: aumentan a produción, pero unha parte das súas substancias disólvese coa auga de chuva ou de rega e isto pode ter un efecto contaminante.
- Agricultura intensiva: aumenta a produción ao introducir maior número de plantas por metro cadrado dunha especie especialmente adaptada, pero consome maior cantidade de nutrientes do chan. Tamén deben coidarse outros factores, como preservar a variedade xenética das especies (biodiversidade), xa que non se sabe que especies afrontarán mellor os problemas que xurdan no futuro.

PESCA

A pesca é unha actividade empresarial importante en todo o mundo. Produce cada ano máis de 100 millóns de toneladas de peixe e produtos pesqueiros e contribúe ao benestar humano proporcionándolles un medio de vida a uns 200 millóns de persoas. Non obstante, informes recentes da FAO (e doutras organizacións gobernamentais e non gobernamentais) suscitan preocupación respecto da contribución da pesca ao desenvolvemento sustentable. Moitas pesqueiras están sometidas a pesca excesiva e/ou esgotaron os recursos mariños.



No desenvolvemento sustentable da pesca, hai que considerar varios obxectivos:

- Manter actividades de recolección e elaboración pesqueiras baseadas en ecosistemas mariños específicos e identificables.
- Garantir a viabilidade a longo prazo do recurso que sustenta estas actividades.
- Manter a saúde e integridade dos ecosistemas mariños en beneficio doutros usos e usuarios tales como a biodiversidade, o interese científico, o valor intrínseco, a estrutura trófica e outros usos económicos como o turismo.

TRANSPORTE

Posiblemente o transporte é o sector de consumo máis afastado da sustentabilidade. O proxecto Un transporte sustentable ambientalmente da OCDE inclúe os obxectivos seguintes, que deben conseguirse para o ano 2030:

- As emisións de CO₂ e de NO_x do sector transporte non deben exceder o 20% e o 10%, respectivamente, das que existiron en 1990.
- O uso do territorio dedicado ao transporte debe reducirse progresivamente e debe supeditarse a outros obxectivos de carácter local.

Algunhas medidas para conseguir estes obxectivos son as seguintes:

- Promoción de vehículos eléctricos híbridos e de propulsión con pilas de combustible (que utilizan hidróxeno, en vez de combustibles fósiles) por medio de subvencións e outras axudas, que os fagan atractivos para fabricantes e usuarios.
- Utilización de combustibles con emisións de CO₂ practicamente nulas, como os biocombustibles ou o hidróxeno nas pilas de combustible, se é que se utilizan fontes renovables de enerxía para producir o hidróxeno.
- Acabar co crecemento no volume de transporte, o que requiriría a adopción de medidas drásticas nos países desenvolvidos, debido á tendencia ao crecemento do parque automobilístico nos países en desenvolvemento. Requiriríanse controis estritos do uso do territorio, aumento do teletraballo, mellora e aumento da utilización dos transportes públicos e, en xeral, unha evolución progresiva cara a unha sociedade menos orientada ao automóbil.




SECTOR ENERXÉTICO

Debido á escaseza de recursos, á súa gran repercusión ambiental e tamén por razóns económicas derivadas da dependencia do petróleo e a gran contaminación que xera a súa produción, é tendencia obrigada acudir a fontes de enerxía renovables, limpas e seguras co medio.

Difícilmente teremos un ambiente sustentable se non se aposta pola explotación de recursos renovables e enerxías alternativas. A Comisión Europea, o Consello Mundial da Enerxía, as Nacións Unidas, o Club de Roma e a Axencia Internacional da Enerxía –entre outras institucións relevantes– coinciden en sinalar que a estratexia que cómpre seguir para chegar a un desenvolvemento sustentable no sector enerxético debe, polo menos, incluír os elementos seguintes:

- Recoñecemento de que o modelo actual de desenvolvemento enerxético non é sustentable.
- Incremento do esforzo combinado nos tres aspectos clave da solución: mellora da eficiencia enerxética; uso das fontes de enerxía renovables; investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas avanzadas.



- Admisión do grave problema que supón que un terzo da humanidade non teña acceso a formas avanzadas de enerxía. A súa solución debe abordarse con accións específicas impulsadas polos países desenvolvidos, que deben incluír o desenvolvemento de sistemas descentralizados; o uso das tecnoloxías apropiadas que na súa maior parte deben ser renovables; fórmulas innovadoras de financiamento e participación local na toma de decisións.
- Recoñecemento da urxencia do problema. O desafío dun desenvolvemento enerxético sustentable requirirá un esforzo conxunto de toda a sociedade: administracións públicas, sector enerxético, sociedade civil, organizacións internacionais, comunidades locais e persoas.

INDUSTRIA SUSTENTABLE

O sector industrial converteuse nun dos centros de atención nas accións para paliar a problemática ambiental. Pouco a pouco as empresas, en parte grazas á incorporación na súa estratexia dos principios da RSE, asimilan o problema e, ademais de cumprir cos requisitos administrativos, invisten para actualizar as súas instalacións.

Hai moitos factores que impulsan o camiño cara a unha industria sustentable, entre eles:

- Establecer formas de xestión para a minimización de contaminantes: o segredo non radica na instalación de grandes equipos para a depuración dos outputs residuais, senón na redución na orixe da contaminación xerada.

- Potenciar a reutilización e a reciclaxe dos subprodutos susceptibles de seren reaproveitados.
- Un factor que denota sustentabilidade no ámbito industrial é adecuar o sistema enerxético nos centros produtivos. A implantación dos sistemas de xestión da enerxía posibilita a optimización da enerxía dos procesos industriais. Tamén deben incorporarse técnicas de coxeración e aproveitamento das enerxías alternativas e dos fluxos de calor excedente.
- Incorporar tecnoloxías que usan materias primas menos contaminantes e a progresiva desaparición de produtos que revisten maior perigo (cianuros, disolventes clorados e ácido crómico...).
- Evitar no posible a xeración de contaminantes que teñen a súa orixe nos erros humanos e nos hábitos adquiridos polos empregados dos departamentos de produción. Os manuais de boas prácticas profesionais (BPP) establecen criterios encamiñados á redución de erros xerados por unha deficiente xestión do persoal (falta de motivación, inadecuada manipulación de materias, inexistencia de programas de mantemento preventivo, ineficiente control de inventarios e existencias etc.).
- A tendencia ao cambio dos hábitos do consumidor que modifica as súas demandas e reclama produtos que ocasionen o mínimo impacto ambiental. É a figura do chamado **consumidor responsable** que, sen dúbida, sitúa o mercado nun novo punto de equilibrio no que a incorporación dos criterios ambientais e de sustentabilidade é un asunto prioritario.

Na actividade produtiva aparece un novo concepto **Producción máis limpa** que parte do principio de sustentabilidade das actividades humanas requiridas para cubrir necesidades básicas e suplementarias (calidade de vida). Incorpora elementos como emisións mínimas, boas prácticas de produción e operación, manexo axeitado e aproveitamento dos residuos, diminución no consumo de materias primas etc.

2.2. PROTECCIÓN AMBIENTAL

A dimensión ambiental do desenvolvemento sustentable nas empresas con RSE procura minimizar o impacto negativo no medio a través da xestión ambiental, redución de desperdicios, eficiencia no uso de materiais, manexo adecuado dos refugалlos e mellora no deseño do produto para a diminución do seu impacto ambiental ao longo de todas as etapas do seu ciclo de vida.

Segundo o profesor Michael Redclift (1996), “a xestión e os conflitos ambientais están relacionados con dous procesos: a forma na que as persoas dominan a natureza e a dominación exercida por algunhas persoas sobre outras”. A dominación



que exercen os seres humanos sobre o ambiente é algo evidente, e do poder que exercen os países desenvolvidos sobre os países en vías de desenvolvemento debido ás exportacións de recursos naturais xorde o fenómeno que se coñece como **débeda ecolóxica**.

REGRAS PARA A PROTECCIÓN AMBIENTAL

A protección ambiental coida de maneira especial os recursos naturais e suxire tres regras básicas en relación cos ritmos do **desenvolvemento sustentable**.

- Ningún recurso renovable deberá utilizarse a un ritmo superior ao da súa xeración.
- Ningún contaminante deberá producirse a un ritmo superior ao que poida ser reciclado, neutralizado ou absorbido polo ambiente.
- Ningún recurso non renovable deberá aproveitarse a maior velocidade da necesaria para substituílo por un recurso renovable utilizado de xeito sustentable.

A sustentabilidade en termos ecolóxicos supón que a economía sexa circular, que se produza un **cerramento dos ciclos** tratando de imitar a natureza. É dicir, hai que deseñar sistemas produtivos que sexan capaces de utilizar unicamente recursos e enerxías renovables, e non producir residuos que non volvan á natureza (compost, por exemplo) ou se convertan en input doutro produto manufacturado.

O *Libro Verde* sobre política de produtos integrada que elaborou a Comisión Europea en 2001 ten como obxectivo reducir os efectos ambientais dos produtos durante o seu ciclo de vida. Considérase o ciclo vital do produto completo, desde a súa extracción ata a xestión final do residuo cando a súa vida termina. Esta política céntrase nas tres etapas que condicionan o impacto ambiental do ciclo de vida dos produtos:

- Aplicar o principio de **quen contamina paga** á hora de fixar os prezos, así, quen produce ten que asumir a súa responsabilidade e integrar nos prezos o chamado custo ecolóxico.
- Ofrecerlle información ao consumidor mediante a etiquetaxe dos produtos.
- Realizar un deseño ecolóxico do produto.

Na actualidade, pola situación comprometida que presenta o ambiente no eido global, requírese que as empresas con RSE desenvolvan no seu persoal coñecementos, habilidades, destrezas, aptitudes, capacidades e novos valores en relación coa dimensión ambiental para que este, pola súa vez, achegue á sociedade en xeral estes elementos e se revertan en demandas para establecer o desenvolvemento sustentable.



2.3. DESENVOLVEMENTO SOCIAL

A RSE das empresas aborda a dimensión social do desenvolvemento sustentable no que se refire ao seu impacto social, tanto no eido interno como no externo. Especificamente, esta dimensión enfócase nos temas de:

- Calidade de vida laboral e benestar dos empregados.
- Contribución ao benestar da comunidade da sociedade en xeral.
- Ética do negocio (protección dos dereitos humanos, transparencia, integridade e xustiza).
- Responsabilidade polo produto (saúde e seguridade do consumidor, publicidade).
- Moito máis avance no respecto dos dereitos humanos no traballo, mediante a aplicación dos convenios básicos da Organización Internacional do Traballo (OIT).


O primeiro dos principios establecidos na Declaración de Río de Xaneiro de 1992, no denominado **Primeiro Cumio da Terra**, proclama que “os seres humanos constitúen o centro das preocupacións relativas ao desenvolvemento sustentable”.

Non existe, a longo prazo, posibilidade ningunha dun desenvolvemento económico sustentable á marxe do desenvolvemento humano, e é que o concepto do desenvolvemento sustentable puxo



en evidencia dous temas: que a degradación ambiental e a xustiza social non son cuestións disociables e que as desigualdades no acceso á auga potable e á electricidade, as ameazas vinculadas ao cambio climático, as desertizacións, a polución da auga, do aire e do solo, os atentados á biodiversidade etcétera, non son fenómenos que respondan a causas naturais.

Na dimensión social do desenvolvemento sustentable está, ademais, implícito o concepto de **equidade**, do que existen tres tipos: **interxeracional**, que supón considerar nos custos de desenvolvemento económico presente a demanda de xeracións futuras; **intraxeracional**, que inclúe os grupos ata agora máis desfavorecidos (por exemplo mulleres e discapacitados) na toma de decisións que afecten o ecolóxico, o social e o económico; **entre países**, que implica acabar cos abusos de poder por parte dos países desenvolvidos sobre os que están en vías de desenvolvemento.



3. EMPRESA E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Cando se fala de responsabilidade social da empresa aplicada á estratexia empresarial, estamos falando de ir máis alá do cumprimento das obrigas xurídicas, fiscais ou laborais; falamos de investir máis no capital humano, o contorno e as relacións cos interlocutores. Este **ir máis alá** do que esixen as disposicións legais e o labor inspector da Administración non supón comprometer a rendibilidade da compañía, ao contrario, o investimento en tecnoloxías, en prácticas comerciais respectuosas co ambiente, en materia de formación, condicións laborais ou relacións entre a dirección e os traballadores pode ter tamén un impacto directo na produtividade.

Nas empresas que integran os conceptos RSE na súa estratexia e toma de decisións, a obtención de beneficios é o principal obxectivo, pero non a súa única razón de ser.

A empresa que obtén beneficios económicos deseñando produtos e servizos que melloran a calidade de vida dos seus clientes, traballadores, provedores, comunidades locais e demais colectivos implicados **traballa por un futuro** achegando **valor** para a sociedade á que intenta servir.

Cada vez créanse máis produtos e servizos que intentan que este mundo sexa un lugar mellor, só estes produtos teñen futuro. Se o mundo tende a ser sustentable, o futuro está na empresa

que sexa capaz de atender a este novo modelo de mercado, aproveitando a oportunidade para detectar as novas posibilidades de negocio. Crear novos produtos para o futuro é unha grande aventura e a innovación debe crear produtos mellores para un mundo mellor. Como dixo Albert Einstein: “dádeme un home imaxinativo antes ca un home intelixente”, porque só unha persoa intuitiva é capaz de enfocar o problema desde perspectivas novas e entender e asumir o desenvolvemento sustentable como unha nova forma de producir, consumir e distribuír. O desenvolvemento sustentable é xa o único desenvolvemento posible.

As novas empresas que teñen integrada a RSE non ven no medio ou na creación dun mundo máis xusto unha ameaza, senón unha oportunidade de incalculables beneficios para os seus accionistas e para a sociedade á que serven; observan os problemas ambientais como unha cuestión estratéxica máis alá do seu sistema de xestión ou do cumprimento de tal ou cal lei; e fan que os seus traballadores e os seus interlocutores se sintan tamén responsables do seu comportamento e da súa contribución ao desenvolvemento sustentable.



3.1. ACCIÓNS RSE PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

⇒ Manter o contorno e as condicións de traballo seguras e saudables

- Comprobar de maneira sistemática e periódica o cumprimento da lexislación en materia de seguridade e saúde.
- Asegurarse de que todo o persoal coñece os procedementos en materia de saúde e seguridade.
- Desenvolver as competencias/recursos para un bo exercicio do traballo.

⇒ Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar

- Flexibilizar horarios, compatibilidade de quendas.
- Fomentar o teletraballo.

⇒ Fomentar a igualdade de oportunidades

- Considerar por principios que a selección de persoal, a contratación, a retribución, a formación continua, o desenvolvemento profesional, a participación, a publicidade, o xénero, a



procedencia cultural, discapacidade, orientación sexual, idade, relixión... non afectan a potencial contribución e as capacidades que unha persoa pode achegar ao posto de traballo.

⇒ **Dar seguridade no emprego, pago digno e oportunidades de progreso**

- Darlle prioridade ao emprego estable e de calidade.
- Coñecer as habilidades dos traballadores e potenciar o seu progreso/estabilidade na empresa.

⇒ **Desenvolver a comunicación fluída**

- Comunicarlles aos traballadores as decisións que toma a empresa en relación cos seus obxectivos, sobre todo no que respecta á integración de aspectos sociais e ambientais nestes.

⇒ **Coñecer o grao de satisfacción e fidelidade dos nosos clientes**

- Realizar enquisas periódicas ou preguntas directas nas negociacións ou procesos de venda.
- Establecer canles de comunicación de queixas, reclamacións, suxestións... para tomar as accións oportunas.

⇒ Sensibilización ambiental e social (na venda e na posvenda)

- Informar sobre os aspectos ambientais e sociais contemplados no produto e/ou servizo subministrado (por exemplo, en alimentación: os ingredientes procedentes da agricultura biolóxica... ou as partes da cadea de produción realizadas a través de empresas de inserción...).
- Implantar e informar sobre os principios éticos en materia de comercialización e publicidade e nos dereitos dos consumidores.

⇒ Adaptar produtos especiais

- Adaptar os produtos ou servizos ás necesidades especiais dos clientes con discapacidade, persoas de maior idade... campañas de sensibilización.

⇒ Garantir a seguridade (saúde, ambiente, sociedade...) e a calidade do produto ou servizo

- Cumprir os requisitos legais con respecto á calidade e seguridade, e certificalo ante os clientes e consumidores.
- Subministrar unha información completamente transparente e baseada en datos fiables e contrastados (certificados por entidades acreditadas...).

⇒ Realizar doazóns ou patrocinios a ONG, iniciativas sociais, culturais, deportivas, ambientais, de cooperación ao desenvolvemento...

- Seleccionar causas sociais e ambientais (locais, rexionais ou nacionais) que sexan relevantes ou que a empresa sexa especialmente sensible a estas, e involucrar os empregados no proceso de selección dos proxectos que hai que apoiar.
- Realizar compras xustas ou solidarias (regalos de empresa procedentes de Comercio Xusto ou de empresas con traballadores do ámbito da exclusión, máquinas con café do Comercio Xusto...).

⇒ Dar preferencia a provedores locais

- Na selección de provedores, darlles preferencia a aqueles situados na comunidade, co que se mellora o impacto social e ambiental da empresa.

⇒ Coñecer o grao de impacto ou implicación na sociedade da empresa

- Premios, recoñecementos recibidos nos últimos anos.
- Apoiar a emprendedores ou estudantes en prácticas.
- Participar en procesos de desenvolvemento local: Axenda Local 21...

⇒ Mellorar o comportamento ante a administración

- Levar a cabo unha fiscalidade responsable, evitando prácticas deshonestas en materia de evasión fiscal, pago en prazo, morosidade...
- Estar ao tanto sobre as iniciativas en sustentabilidade e RSE que está levando a Administración rexional ou local, e detectar en que medida se pode involucrar a empresa nelas.

⇒ Asegurar prácticas éticas cos provedores

- Establecer e cumprir un **código de conduta** cos provedores (pode ser no eido particular da empresa ou no eido sectorial a través da asociación representativa), co que se eviten prácticas abusivas: relacións oportunistas, no respecto dos dereitos humanos, laborais e ambientais, prezos inxustos, incumprimentos non xustificados das condicións de pago...



⇒ Garantir na selección de provedores a consideración dos aspectos de RSE

- Establecer por escrito (no código de conduta) criterios de selección de provedores que contemplen medidas para a xestión, mellora ou eliminación dos seus impactos negativos: sociais, ambientais, así como a calidade, servizo, innovación, seguridade dos produtos subministrados...
- Controlar e revisar periodicamente o cumprimento destes criterios de avaliación: visitas a provedores, entrevistas nas renovacións de contratos...

⇒ Apoiar a provedores locais

- Sempre que os procesos de produción o permitan, darlles prioridade aos provedores locais.

⇒ Constituír relacións de mutuo beneficio cos provedores

- Fomentar as relacións duradeiras e de calidade recíproca.
- Asinar convenios de colaboración para proxectos de eficiencia e innovación.

⇒ Fundar asociacións que fomenten a RSE en pemes

- Compartir con outras empresas/asociacións as túas “boas prácticas”.

⇒ Coñecer e cumprir as normas/leis ambientais aplicables

- Consultar e contactar cos organismos competentes en cada eido administrativo, xa que en España a competencia ambiental está transferida ás comunidades autónomas.

⇒ Xestionar o consumo de recursos

- Xestionar o consumo de auga, electricidade, gas, materiais non reciclables e materiais reciclables.
- Reducir as emisións e residuos, xestionando as fontes e seleccionando os mellores recursos.
- Apostar pola reciclaxe de residuos e dos produtos fabricados.

⇒ Reconverter a ameaza ambiental en oportunidade competitiva

- Apostar pola ecoeficiencia e o ecodiseño dos produtos e servizos.
- Implantar sistemas de xestión ambiental como a ISO 14001 (mundial), o EMAS (europeo)...

⇒ Subministrar información transparente

- Cando as persoas propietarias/investidoras o soliciten, ou de maneira periódica, subministrar información veraz e contrastada referida aos aspectos da xestión económico-financeira e/ou ao ámbito da RSE.
- Aproveitar as ferramentas de gran divulgación e baixo custo como a páxina web ou o correo electrónico.
- Realizar memorias de sustentabilidade, tamén chamadas tripla conta de resultados.



3.2. SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

Un sistema de xestión ambiental é un proceso cíclico de planificación, implantación, revisión e mellora dos procedementos e accións que leva a cabo unha empresa para realizar a súa actividade, garantindo o cumprimento dos seus obxectivos ambientais.

A maioría dos sistemas de xestión ambiental están construídos baixo o modelo: **planificar, facer, comprobar e actuar**, o que permite a mellora continua baseada en:

- **Planificar**, incluíndo os aspectos ambientais e establecendo os obxectivos e as metas que se queren conseguir.
- **Facer**, implantando a formación e os controis operacionais necesarios.
- **Comprobar**, obtendo os resultados do seguimento e corrixindo as desviacións observadas.
- **Actuar**, revisando o progreso obtido e efectuando os cambios necesarios para a mellora do sistema.

Na actualidade, existen dúas normas fundamentais sobre as que basear o deseño dos sistemas de xestión ambiental:

- **ISO-14001**, promovida pola Organización Internacional para a Estandarización (ISO) e aceptada en todo o mundo.
- **EMAS**, promovida pola Unión Europea.

Os aspectos que teñen en conta os sistemas de xestión ambiental, baseados en ambas as normas son moi parecidos, aínda que existen certas diferenzas que é necesario recoñecer:

	ISO-14.001	EMAS
Avaliación ambiental inicial	Recomendable en caso de non dispoñer dun sistema de xestión ambiental previo.	Obrigatorio se non se dispón dun sistema de xestión ambiental previo certificado.
Ciclo de auditoría	Non existe una periodicidade establecida.	O ciclo dependerá do tipo de actividade desenvolvida.
Alcance da auditoría	O sistema de xestión ambiental.	Ademais do sistema de xestión ambiental, debe incluír: • a política ambiental, • o programa ambiental, • o cumprimento da lexislación aplicable.
Declaración ambiental	Non é necesaria.	Necesaria , será pública e de periodicidade anual.
Validez	Pode ser autocertificada , aínda que o máis habitual é que sexa certificada por un organismo acreditado.	Debe ser verificada por un organismo acreditado, ademais esíxese a validación da Declaración ambiental.
Rexistro	Non é necesario	As organizacións son inscritas no rexistro de empresas adheridas polo organismo competente.

O éxito da implantación dun sistema de xestión ambiental dependerá de que a empresa o faga dun xeito ordenado e de que cumpra os seguintes puntos:

- Determinar cales son os impactos da actividade empresarial sobre o medio: consumo enerxético, consumo de auga e materias primas, emisións contaminantes á atmosfera, vertidos no solo, ríos etc.
- Facer un diagnóstico ambiental inicial para detectar os factores anteriores e crear un punto de partida para decidir medidas e accións.
- Establecer o programa de actuacións sobre os procesos empresariais susceptibles de mellora. É importante facer un estudo de viabilidade técnica e económica de cada unha das medidas que se vai tomar, porque se unha empresa deixa de ser rendible non sobrevivirá no mercado actual.



- Ao mesmo tempo que se implantan as melloras, debe establecerse un sistema de control para verificar o cumprimento dos obxectivos previstos, introducindo medidas correctoras o redefinicións do plan inicial no caso de que sexa necesario.
- Paralelamente a estes pasos, é necesario crear un rexistro con toda a documentación na que figuren de xeito conciso e claro os resultados obtidos. Estes rexistros avalarán o comportamento ambiental da empresa.
- É vital a implicación do persoal da empresa para conseguir os obxectivos propostos. Deberán establecerse programas de formación e sensibilización axeitados para cada posto de traballo.
- Unha vez logrados os obxectivos do sistema de xestión ambiental, hai que levar a cabo unha revisión cíclica para formular novos obxectivos e contemplar a posibilidade de incorporar novas tecnoloxías e produtos.

A implantación dun sistema de xestión ambiental coherente posibilita a consecución dunha actividade empresarial máis sustentable e facilita o coñecemento da situación ambiental da empresa.



International
Organization for
Standardization



EMAS

VANTAXES DUNHA BOA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

- Conséguese un maior coñecemento da empresa e do impacto ambiental que xera a actividade produtiva.
- Favorece a correcta situación da empresa con respecto aos requisitos legais ambientais.
- Favorece a prevención de posibles accidentes ambientais.
- A implantación de medidas correctoras do proceso produtivo pode lograr a redución de custos como consecuencia da diminución dos recursos consumidos.
- A busca da mellora continua do proceso produtivo achega, a medio e longo prazo, vantaxes competitivas e estratéxicas, posto que lle permite á empresa adaptarse rapidamente aos cambios e ás novas esixencias do mercado.



3.3. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

Unha memoria de sustentabilidade é o instrumento co que a empresa se dirixe a todos os seus grupos de interese, tanto internos como externos: equipo humano, accionistas, clientes, provedores, empresas colaboradoras e sociedade en xeral. Consiste na medición, divulgación e rendición de contas fronte a grupos de interese internos e externos en relación co desempeño da empresa con respecto ao obxectivo do desenvolvemento sustentable.

Este tipo de memoria tamén se coñece como **tripla conta de resultados**. Forma parte da estratexia das empresas en materia de RSE. É un informe de carácter público que se publica cada certo tempo (normalmente anual), no que a empresa mostra a posición corporativa e as súas actividades nas súas tres dimensións de sustentabilidade: económica, ambiental e social.

A organización internacional Global Reporting Initiative (GRI) creou o estándar para a elaboración de memorias de sustentabilidade máis recoñecido e empregado internacionalmente pola maioría das empresas e organizacións sociais.

A Guía 2002 para a elaboración de memorias de sustentabilidade sobre actuacións económicas, ambientais e sociais da empresa de GRI propón unha estrutura para a elaboración das memorias. A Guía GRI, ademais de ser o estándar máis empregado, permite unha aplicación progresiva da memoria de sustentabilidade, é dicir, que inicialmente se poden abordar só algúns aspectos ou indicadores, sempre que se faga constar o compromiso da empresa de avanzar gradualmente ata

chegar a elaborar un informe completo que inclúa todos os aspectos e indicadores recomendados polo estándar. Por iso, é un modelo accesible para as empresas máis pequenas que poden adoptar un enfoque gradual de informe se así o indican na súa primeira memoria.

PASOS PARA ELABORAR A TRIPLA CONTA DE RESULTADOS

A Guía GRI ofrece directrices sobre a estrutura e a información que debe de conter unha memoria de sustentabilidade, pero non explica exactamente como abordar o proceso de elaboración. Para algunhas empresas, especialmente as pemes, pode ser unha dificultade engadida.

Para facilitar o proceso de elaboración da memoria de sustentabilidade, propoñemos executar o proxecto en 5 pasos:

48

1. Preparación

Para a realización da memoria, é necesario unha persoa coordinadora que se encargue da xestión do proxecto e da toma de decisións. A elaboración da memoria consiste en comunicar as actividades cotiás das empresas. Hai que reunir nun documento todo o que se fai a favor dos elementos económicos, ambientais e sociais da sustentabilidade, como, por exemplo:

- políticas de aforro enerxético,
- accións de apoio a organizacións locais,
- doazóns a institucións asistenciais ou educativas,
- etc.

A elaboración dunha memoria de sustentabilidade require o apoio da dirección, para garantir o tempo, o persoal e os recursos económicos. Unha memoria para ser realista debe contar coa completa colaboración dos diferentes compoñentes da empresa. Na preparación hai que buscar o consenso para facer unha formulación xeral co resto dos compañeiros, establecer un plan e programar un calendario de traballo.

2. Planificación da estrutura e do contido

- Revisar as actividades e as metas da empresa. O propósito da memoria é cuantificar os beneficios que o compromiso co desenvolvemento sustentable supón para a empresa. Por iso, a memoria será un reflexo da misión da empresa.
- Identificar os grupos de interese na empresa e as súas expectativas: aquelas persoas ou entidades que se ven afectadas pola empresa ou quen inflúa nas súas actividades.
- Identificar os temas que hai que incluír na memoria.

3. Avaliar

Para avaliar os aspectos que se inclúen na memoria, empréganse os **indicadores de sustentabilidade**, que son os instrumentos empregados para medir a actuación económica, social e ambiental dunha organización. Permiten avaliar o impacto que ten cada acción da empresa sobre os diferentes eidos.

A Guía GRI achega distintos tipos de indicadores:

- **Indicadores centrais:** denominados así porque son habitualmente aplicables a todas as entidades, independentemente do sector, tamaño da empresa ou calquera outro factor. Por exemplo, no campo da enerxía un indicador central sería o consumo directo de enerxía analizado por fontes primarias.
- **Indicadores adicionais:** son menos habituais e, a pesar da súa relevancia, non poden aplicarse de xeito xeral. Seguindo o exemplo do campo da enerxía, un indicador adicional sería o aforro de enerxía debido á conservación e ás melloras na eficiencia.
- **Indicadores integrados:** que son os encargados en recoller a información do impacto conxunto de dúas áreas (económico-social, social-ambiental...).
- **Indicadores sectoriais:** son obxecto de análise e son propostos por grupos de traballo ou organizacións representativas de cada sector. Por exemplo, o GRI desenvolveu suplementos para o sector turístico, financeiro, das telecomunicacións...

Despois de elixir os indicadores que se van utilizar, hai que recoller toda a información sobre eles durante as actividades normais da empresa, como, por exemplo, nos diferentes procesos produtivos, na facturación anual, na xestión empresarial...

4. Elaborar a memoria

A elaboración da memoria consiste en reunir nun documento todo o que se fai a prol dos elementos económicos, ambientais e sociais da sustentabilidade. Os pasos que se deben seguir son os seguintes:

- Comprobar a calidade dos resultados dos indicadores. Hai que estar seguro de que os datos que mostran os indicadores son relevantes e que se correspondan coa realidade da empresa.
- Redactar a memoria de sustentabilidade
- Revisión interna previa á publicación
- Finalizar e difundir a memoria

Unha memoria equilibrada non informa unicamente das boas noticias, senón que explica tamén por que non se cumpriron os obxectivos e como se espera alcanzalos nun futuro.

5. A busca da mellora


Unha vez chegado a este punto e despois de traballar, redactar, publicar e distribuír a memoria de sustentabilidade, é o momento de recoller os comentarios dos grupos de

interese internos e externos para saber que é o que está ben e que pode ser mellorado; establecer obxectivos de desempeño para o próximo ano; a onde se quere chegar a partir de agora?; que hai que facer para alcanzar os obxectivos sustentables?

Hai que ser realista, pero tamén ambicioso para avanzar no reto da sustentabilidade.

Verificación da memoria de sustentabilidade

Hai moitas organizacións que, unha vez rematada a memoria de sustentabilidade, buscan mellorar a súa credibilidade. Para este labor poden contar con sistemas de control interno (auditorías internas como parte do proceso para xestionar e divulgar a información). Estes sistemas internos son moi importantes para a integridade e credibilidade xeral da memoria, non obstante, é moi recomendable que, ademais dos recursos internos, se recorra á verificación externa, empregando servizos profesionais de verificación ou comisións compostas polos grupos de interese.



4. REFERENCIAS INTERNACIONAIS

Liñas directrices da OCDE para empresas multinacionais, encadradas dentro da Declaración sobre investimento internacional e empresas multinacionais, co fin de promover a cooperación das multinacionais para o desenvolvemento sustentable e o fomento das actuacións responsables destas empresas nas comunidades nas que operan.

No **Cumio da Terra** en Río de Xaneiro en 1992, a ONU estableceu unha Comisión para o Desenvolvemento Sustentable que tivo un importante papel á hora de impulsar a concienciación sobre o tema. O resultado final principal deste cumio foi un documento titulado **Axenda 21**, no que se define unha estratexia xeral de desenvolvemento sustentable para todo o mundo, facendo especial fincapé nas relacións norte-sur, entre os países desenvolvidos e os que están en vías de desenvolvemento.

A Axenda 21, no seu capítulo 28, anima as comunidades locais a crear a súa propia versión, unha **Axenda 21 Local**, xa que gran parte dos seus obxectivos dependen case en exclusiva do papel das comunidades locais que se ocupan da creación, o funcionamento e o mantemento da infraestrutura económica, social e ecolóxica; supervisan os procesos de planificación, establecen as políticas e regulamentacións ecolóxicas locais e contribúen á execución das políticas ambientais nos planos nacional e internacional.

O **Protocolo de Kyoto sobre o cambio climático** é o acordo internacional que colocou a primeira pedra no proceso de atallar as consecuencias do cambio climático e ten por obxectivo reducir as emisións dos gases que causan o quentamento global. Segundo as cifras da ONU, estímase que a temperatura media da superficie do planeta aumente entre 1,4 e 5,8 °C de aquí a 2100.



Cumio do Milenio, levado a cabo en setembro de 2000. Os dirixentes do mundo reuníronse na sede da ONU en Nova York para aprobar a **Declaración do milenio**, comprometeron os seus países cunha nova alianza mundial para reducir os niveis de extrema pobreza e estableceron unha serie de obxectivos suxeitos a prazo (o seu vencemento está fixado para 2015) que se coñecen como os **obxectivos de desenvolvemento do milenio**. Estes son:

- Erradicar a pobreza e a fame; reducir á metade, entre 1990 e 2015, a porcentaxe de persoas que padecen fame.
- Educación universal; asegurar que no 2015 os nenos e nenas de todo o mundo poidan terminar un ciclo completo de ensinanza primaria.
- Igualdade entre xéneros; eliminar as desigualdades entre os xéneros en todos os niveis da ensinanza antes do ano 2015.

- Reducir, en dúas terceiras partes, entre 1990 e 2015, a mortalidade de nenos menores de cinco anos.
- Mellorar a saúde materna, reducir en tres cuartas partes, entre 1990 e 2015, a mortalidade materna e lograr para o 2015 o acceso universal á saúde reprodutiva.
- Combater o VIH/sida; deter a propagación e lograr, para 2010, o acceso universal ao tratamento do VIH/sida de todas as persoas que o precisen.
- Lograr a sustentabilidade do ambiente; incorporar os principios do desenvolvemento sustentable nas políticas e nos programas nacionais e reducir a perda de recursos do ambiente; reducir considerablemente a perda de diversidade biolóxica en 2010; reducir á metade, para 2015, a proporción de persoas sen acceso corrente a auga potable e a servizos básicos de saneamento.
- Fomentar as asociacións; desenvolver aínda máis un sistema comercial e financeiro aberto, baseado en normas, previsible e non discriminatorio; atender as necesidades especiais dos países menos adiantados. Atender as necesidades especiais dos países en desenvolvemento sen litoral e os pequenos estados insulares en desenvolvemento. Encarar de maneira integral os problemas da débeda dos países en desenvolvemento con medidas nacionais e internacionais para que a débeda sexa sustentable a longo prazo. En cooperación co sector privado, dar acceso aos beneficios das novas tecnoloxías, especialmente ás da información e ás comunicacións.

“O tempo aprema. Debemos aproveitar este momento histórico para actuar de maneira responsable e contundente polo ben común.”

A poucos anos do 2015, data límite para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento do milenio, Ban Ki-moon, secretario xeral das Nacións Unidas, elixiu estas palabras para instar os gobernos a participar na revisión e logro dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Na UE elaborouse en 1992 o **V Programa** de acción da comunidade en ambiente co título de Cara a un desenvolvemento sustentable. O seu obxectivo é producir un cambio nos comportamentos e tendencias en toda a UE, nos estados membros, no mundo empresarial e nos cidadáns de a pé.

Os documentos da Comisión Europea non deixan de referirse, como punto de partida, ao famoso texto do **Cumio de Lisboa**, segundo o cal se trata de “converter a UE no 2010 na economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de medrar economicamente de maneira sustentable con máis e mellores empregos e con maior cohesión social”.

A Estratexia de desenvolvemento sustentable da Unión Europea (EDS) foi renovada no Consello de Bruxelas de 2006 cun principio xeral consistente en “determinar e elaborar medidas que permitan mellorar continuamente a calidade de vida para as actuais e futuras xeracións mediante a creación de comunidades sustentables capaces de xestionar e utilizar os recursos

de forma eficiente, para aproveitar o potencial de innovación ecolóxica e social que ofrece a economía, garantindo a prosperidade, a protección do ambiente e a cohesión social”. Fixa o seu obxectivo en sete áreas prioritarias:

- cambio climático e enerxías limpas;
- transporte sustentable;
- produción e consumo sustentables;
- retos da saúde pública;
- xestión de recursos naturais;
- inclusión social, demografía e migración;
- loita contra a pobreza mundial.

A UE solicita que cada estado membro asuma os seus propios compromisos e os plasme nas súas respectivas estratexias nacionais de desenvolvemento sustentable, que serán obxecto de revisión por parte da Comisión e polo resto dos estados.

A **Carta de Aalborg** das cidades europeas cara a sustentabilidade foi asinada nesta cidade danesa por 80 autoridades locais europeas, logo da clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentables celebrada en maio de 1994. Supuxo o inicio da Campaña Europea de Cidades e Poboacións Sustentables.

Calquera autoridade local ou conxunto de autoridades locais pode adscribirse á campaña aprobando e asinando a carta, que compromete á autoridade local a participar no proceso da **Axenda 21 Local**, cuxo fin é crear e poñer en práctica un plan de acción local para a sustentabilidade.

ESTRATEGIA ESPAÑOLA PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 2007

58

A modernización do país esixe que asumamos colectivamente o reto e a oportunidade que ofrece un modelo de desenvolvemento sustentable, así a Estratexia española de desenvolvemento sustentable (EEDS) enmárcase dentro da europea EDS e ten unha formulación acorde coa súa visión.

A **dimensión económica** do desenvolvemento sustentable abórdase no Programa nacional de reformas (PNR) que propón a posta en marcha de actuacións arredor de sete eixes estratéxicos:

- reforzo da estabilidade macroeconómica e orzamentaria,
- plan estratéxico de infraestruturas e transporte (PEIT) e o Programa A.G.U.A.,

- aumento e mellora do capital humano,
- estratexia de investigación, desenvolvemento e innovación (INGENIO 2010),
- medidas para mellorar a competencia, a regulación, a eficiencia das administracións públicas e a competitividade,
- mercado de traballo e o diálogo social,
- plan de fomento empresarial.

Considera que o investimento en I+D+i é fundamental para lograr un crecemento económico sustentado a longo prazo e permitir a introdución de novos procesos produtivos que aseguren que este crecemento sexa compatible cos obxectivos da sustentabilidade.

No referente á **sustentabilidade social**, a EEDS desenvolve outros dous aspectos fundamentais: por unha parte, o emprego, a cohesión social e a pobreza e, por outra parte, a saúde pública e a dependencia. Finalmente, no ámbito da sustentabilidade global, analízase o papel fundamental que xoga España en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento sustentable.



Na **sustentabilidade ambiental**, co fin de deseñar liñas de actuación dirixidas á protección da atmosfera, calidade do aire, auga, solo, natureza e saúde, a estratexia española desenvólvese en tres seccións interrelacionadas: produción e consumo, cambio climático e conservación e xestión dos recursos naturais e ocupación do territorio.

Os obxectivos principais da estratexia por áreas son:

⇒ **Sustentabilidade ambiental**

⇒ **Produción e consumo**

- Aumentar o aforro e a eficiencia no uso dos recursos en todos os sectores.
- Previr a contaminación, reducir a xeración de residuos e fomentar a reutilización e a reciclaxe dos xerados.
- Mellorar a calidade do aire, especialmente en zonas urbanas.
- Optimizar enerxética e ambientalmente as necesidades de mobilidade das persoas e os fluxos de mercancías.
- Revalorizar o sistema turístico en clave de sustentabilidade.



⇒ Cambio climático

- Reducir as emisións a través dun maior peso das enerxías renovables no mix enerxético; unha mellora da eficiencia enerxética en transporte e edificación; medidas sectoriais; instrumentos de mercado.
- Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación dos sectores económicos.

⇒ Conservación e xestión dos recursos naturais e ordenación do territorio

- Asegurar a sustentabilidade ambiental e a calidade do recurso hídrico, garantindo o abastecemento á poboación e o seu uso produtivo e sustentable.
- Frear a perda de biodiversidade e do patrimonio natural, a través da conservación, restauración e xestión adecuada, compatible cunha produción ambientalmente sustentable dos recursos naturais.
- Promover un desenvolvemento territorial e urbano sustentable e equilibrado, incentivando, en particular, o desenvolvemento sustentable no medio rural.

A importancia da I+D+i en todas as materias relacionadas co ambiente fai que o fomento da I+D+i e a ecoinnovación sexa un obxectivo transversal desta estratexia no seu compoñente ambiental.



Ademais, no eido educativo, o obxectivo é educar nos principios da sustentabilidade ambiental, reforzando a formación do profesorado que imparte as materias relacionadas con esta área. Ao mesmo tempo, todas as medidas, relacionadas coa concienciación, a difusión e a mellora da educación no ámbito das liñas estratéxicas da sustentabilidade ambiental contribuirán a aumentar a eficacia do resto das medidas da EEDS e a facilitar a transición cara a un modelo sustentable.

⇒ **Sustentabilidade social**

⇒ **Emprego, cohesión social e pobreza**

- Fomentar o acceso a un emprego de calidade.
- Apoiar a integración social dos colectivos en risco de exclusión.
- Promover a asignación duns recursos económicos mínimos ás persoas en condicións de pobreza.

⇒ **Saúde pública e dependencia**

- Fomentar unha sociedade saudable e con calidade de vida.
- Atender as persoas en situación de dependencia.

⇒ Sustentabilidade global

⇒ Cooperación internacional para o desenvolvemento sustentable

- Aumentar a axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) ata alcanzar o obxectivo do 0,7% en 2012.
- Incrementar a eficacia, coherencia e calidade da política de cooperación española.
- Integrar o enfoque multidimensional da loita contra a pobreza incorporando o ámbito da sustentabilidade ambiental na política española de cooperación internacional, sendo un obxectivo de cooperación multilateral e bilateral para o desenvolvemento.



5. BENEFICIOS DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

A incorporación dos criterios RSE que están intimamente relacionados co desenvolvemento sustentable tradúcese en beneficios tanxibles para a empresa ao lograr un fortalecemento das vantaxes competitivas e novas oportunidades de negocio:

- **Aumento no volume de vendas.** Cunha produción sustentable atraense os cada día máis numerosos clientes responsables.
- **Aforro en custos.** Os procesos de mellora continua da calidade e do mellor aproveitamento dos procesos produtivos (por exemplo con ecoeficiencia) conseguen que os custos baixen e, como consecuencia, pódense baixar os prezos dos produtos (o que beneficiará o consumidor).



- **Redución de riscos** por non cumprir os requirimentos dos grupos de interese. Unha empresa que cumpre o que os seus grupos de interese demandan terá moitas máis posibilidades de sobrevivir ca unha que desatende por completo as esixencias exteriores e se centra unicamente no beneficio a curto prazo.
- **Fortalecemento da capacidade de innovación e diferenciación.** As empresas RSE teñen como reto a sustentabilidade e apostan obrigatoriamente pola innovación e a diferenciación. Os novos procesos de produción, as novas materias primas, cos novos produtos farán que se diferencie das demais empresas do sector, o que repercutirá positivamente na conta de resultados.
- **Xeración de novas oportunidades de negocio.** A innovación leva a apertura de novas oportunidades de negocio e os novos produtos da empresa poden acadar unha franxa de mercado diferente á que explotaba anteriormente. Son moitas as empresas que, co paso do tempo, diversifican a súa oferta e a busca da sustentabilidade pode ser un bo motor de crecemento empresarial.
- **Lealdade dos clientes.** Un cliente que percibe que a empresa á que lle compra o seu produto ten uns valores afíns aos que el ten probablemente volva comprarlle a ela antes que comprarlle a outra empresa que non lle achega ningún valor. A fidelización do cliente é un dos obxectivos principais das empresas e, se co desenvolvemento sustentable se logra, este compromiso beneficiará a todos: á empresa porque consegue beneficios; á sociedade e ao ambiente porque a empresa ao obter beneficios seguirá investindo neles; e ao comprador que se sente partícipe dun xeito de produción.

- **Mellora da imaxe.** Unha empresa con RSE ten unha mellor imaxe e reflíctese nas relacións con investidores, provedores e clientes.
- **Aumento de produtividade.** Ao implantar as accións RSE na súa vertente social, os traballadores estarán máis motivados e estimulados.
- **Acceso a subvenciones ou axudas** das comunidades autónomas, da Administración central e acceso a recoñecementos oficiais. As accións de RSE teñen efectos positivos á hora de participar en concursos públicos e licitacións, recoñecementos, concesión de subvenciones en todos os niveis administrativos.
- **Refórzase a competitividade da empresa:** ao aumentar a calidade e fiabilidade dos produtos e servizos e ao adaptarse ás novas demandas do mercado e da sociedade.
- **Beneficios adicionais pola venda de subprodutos** (antigos desperdicios) para o seu aproveitamento como materias primas noutros procesos produtivos.
- **Acceso a fontes de financiamento externas a un interese razoable,** xa que se diminúe o risco da investimento, diminúe a esixencia de rendibilidade. Ter un código de bo goberno é sintomático de boa xestión.

6. ENDEREZOS DE INTERESE



PÁXINA DA XUNTA DE GALICIA SOBRE
A RESPONSABILIDADE SOCIAL
EMPRESARIAL
<http://rse.xunta.es/>




CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA
<http://traballoebenestar.xunta.es>



OBSERVATORIO DE RESPONSABILIDADE
SOCIAL CORPORATIVA
<http://observatoriorsc.org>



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y
MEDIO RURAL Y MARINO
<http://www.marm.es>



ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DE
ESTANDARIZACIÓN (ISO)
<http://www.iso.org/iso/home.htm>



EMAS
[http://ec.europa.eu/environment/emas/
index_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/emas/index_en.htm)



GUÍA GLOBAL REPORTING INITIATIVE
<http://www.globalreporting.org/Home>



UNIÓN EUROPEA
http://europa.eu/legislation_summaries/index_es.htm



ONU
http://www.un.org/esa/dsd/agenda21_spanish



OBSERVATORIO DE LA SOSTENIBILIDAD EN ESPAÑA (OSE)
<http://www.sostenibilidad-es.org/Observatorio+Sostenibilidad>



RED PENSAR NUEVO

<http://pensardenuovo.org/responsabilidad-social-en-red>



CONSTRUCTORES DE RESPONSABILIDAD Y ÉTICA ORGANIZACIONAL (CREO)

<http://www.responsabilidadsocial empresarial.org>

70



PACTO MUNDIAL

<http://www.unglobalcompact.org/languages/spanish/index.html>



FUNDACIÓN PARA EL

DESARROLLO SUSTENTABLE

<http://www.fundacionsustentable.org>

CONSELLO GALEGO MEDIO AMBIENTE E DESARROLLO SOSTIBLE (COGAMADES)

http://medioambiente.xunta.es/template_cogama.jsp?page=consello.jsp#

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

<http://medioambiente.xunta.es>

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

<http://economiaeindustria.xunta.es/ga/web/index.php>

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

<http://mediorural.xunta.es>

CONSELLERÍA DO MAR

<http://webpesca.xunta.es/pescacms/WebPesca>

